

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A REDE DE CIDADES QUE CAMIÑAN PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DA FACULTADE ÁGORA NO ANO 2022

### INTERVEÑEN

Dunha parte, Don Uxío Benítez Fernández, na súa condición de deputado de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, Cooperación Transfronteiriza, AECT Río Miño e Residuos, actuando por delegación da presidenta da Deputación de Pontevedra, en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Ana Belén Montalbán Navas, en representación da Asociación Rede de Cidades que Camiñan, CIF G9006177, por delegación da Presidencia da Asociación, conforme ao artigo 29 dos seus Estatutos.

Dá fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

As dúas partes recoñécense con capacidade legal e de representación suficiente para subscribiren o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

### EXPOÑEN

- I. Que a Rede de Cidades que Camiñan é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, aberta a concellos e outras administracións públicas comprometidas coa camiñabilidade. Está rexistrada no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior, Grupo I, Sección I e número de rexistro 605087, data de inscrición 19/04/2013.
- II. Que a Deputación de Pontevedra se adheriu á Rede de Cidades que Camiñan en sesión plenaria do 26 de xuño de 2020.
- III. Que a Deputación de Pontevedra puxo en marcha a Rede Ágora polo espazo público, unha rede de acción institucional a prol de considerar e valorizar o espazo público como un dereito fundamental da cidadanía á que se poden adherir os concellos



da provincia. Un dos compromisos da rede é a promoción da formación e produción de coñecemento ó respecto.

IV. Que a Facultade Ágora é unha das iniciativas que se propoñen dende a Deputación de Pontevedra para estimular a recuperación do espazo público. A finalidade é aumentar a formación do persoal municipal, tanto técnico como político, e tamén dos profesionais do sector da enxeñería e da arquitectura para dotalos de máis e mellor coñecemento á hora de abordar procesos de transformación do espazo público.

V. Que de acordo co artigo 6 dos seus Estatutos (14/01/2019), a Rede de Cidades que Camiñan ten como obxecto, entre outros, o fomento da mobilidade peonil dentro dos ámbitos da formación e da colaboración e cooperación con entidades públicas. Por elo, posúe experiencia na divulgación e realización de congresos e talleres específicos no ámbito da mobilidade peonil promovendo principios análogos ós que se impulsan dende a Rede Ágora. Leva organizado 9 congresos e imparte formación e talleres presenciais e on-line sobre mobilidades alternativas e espazos públicos.

VI. Que a Facultade Ágora, que a Deputación quere seguir desenvolvendo, baséase nuns principios e temáticas similares ás das iniciativas formativas e divulgativas que promove a Rede de Cidades que Camiñan.

VII. Que tras poñer en marcha a Facultade Ágora, a Rede de Cidades que Camiñan está en disposición de cooperar coa Deputación de Pontevedra achegando medios técnicos e persoais necesarios para acoller aos técnicos e responsables dos concellos da provincia nas diferentes actividades formativas, cursos e talleres complementarios que promove e organiza.

VIII. Que na aplicación orzamentaria 22/456 9420 48910 prevese unha subvención de carácter nominativo por importe de 150.000,00 € destinada á Asociación Rede de Cidades que Camiñan para continuar as actividades da Facultade Ágora, co fin de organizar, difundir, impartir e divulgar formación nos concellos adheridos á Rede Ágora.

IX. O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), define os convenios como acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público

vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

X. O artigo 48.7 da LRXSP establece que cando un convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

En virtude das consideracións anteriores, a Deputación de Pontevedra e a Rede de Cidades que Camiñan acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Rede de Cidades que Camiñan para a organización e desenvolvemento da Facultade Ágora, para a organización de actividades de formación sobre o espazo público e mobilidades alternativas a iniciar no ano 2022.

### SEGUNDA.-DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS CONCRETAS A DESENVOLVER

As actuacións concretas a desenvolver en virtude do presente convenio defínense de acordo co que se especifica no Anexo I.

Realizaranse as seguintes actividades formativas:

- A. **CURSO BÁSICO SOBRE O ESPAZO PÚBLICO:** Dirixido a técnicos e persoal responsable dos concellos da Rede Ágora, para o seu desenvolvemento utilizarase o material didáctico do curso sobre o espazo público realizado en 2021. A modalidade será online, prestarase servizo de titoría e incluírá avaliación de coñecementos.
- B. **DIÁLOGOS SOBRE O ESPAZO PÚBLICO:** Dirixido a técnicos e persoal responsable dos concellos da Rede Ágora, así como ó público en xeral, consistiran en Conferencias en formato de mesa redonda entre varias expertas/expertos no eido do urbanismo, o espazo público, a mobilidade activa, etc., a realizar en formato mixto presencial e online. As persoas expertas convidadas conversarán sobre un tema



relacionado con algún dos tres módulos temáticos en que se organiza o curso básico sobre o espazo público.

C. TALLERES SOBRE O ESPAZO PÚBLICO: Dirixido a técnicos e persoal responsable dos concellos da Rede Ágora, estarán destinados a afondar en aspectos concretos da construción e regulación do espazo público. Cada un deles estará composto por varias presentacións de carácter teórico-práctico, seguidas dunha visita comentada para coñecer in situ algunhas intervencións de realizadas no espazo público da provincia de Pontevedra consideradas casos de boas prácticas.

#### TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

A Rede de Cidades que Camiñan organizará e porá en marcha as actividades formativas antes descritas, asumindo os seguintes compromisos:

- Poñer en marcha o curso básico do espazo público, os diálogos e os talleres da Facultade Ágora que se detallan no Anexo I, incluíndo tarefas de eventual actualización do deseño gráfico (recursos e marketing) e difusión dos mesmos.
- Xestionar a Secretaría Técnica das actividades formativas da Facultade Ágora, inscricións, información, resolución de dúbidas, control de asistencia e atención ó alumnado.
- Organizar e realizar a formación e poñer a disposición o persoal docente e técnico necesario para o correcto desenvolvemento das actividades formativas que se desenvolvan.
- Poñer a disposición os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades formativas, incluíndo a xestión da plataforma en liña na que se realizarán as formacións, auditorio para os eventos presenciais, transporte dos alumnos ás actuacións no espazo público que se estuden e calquera outro necesario para o correcto desenvolvemento das actividades.
- Expedir os diplomas aos alumnos considerados aptos segundo os requisitos e o sistema de avaliación das actividades formativas.
- Calquera outra tarefa relacionada coa xestión e a coordinación dos traballos necesarios para a correcta posta en marcha e desenvolvemento do curso en xeral e todas as actividades formativas descritas en particular.



- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 14 da LXS, en particular obrigase a:
  - a) Realizar a actividade obxecto deste convenio e ao cumprimento da súa finalidade.
  - b) Xustificar ante a Deputación o cumprimento dos requisitos e condicións esixidos pola LXS aos beneficiarios de subvencións.
  - c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar pola Deputación, así como calquera outras actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
  - d) Comunicar á Deputación as axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

A Deputación de Pontevedra asume os seguintes compromisos:

- Entregarlle á Rede de Cidades que Camiñan os fondos pactados.
- Comprobar o cumprimento das condicións ou requisitos determinantes.
- Participar na coordinación e na programación das actividades formativas.
- Participar na toma de decisións que afecten ao desenvolvemento das actividades.

#### CUARTA.- FINANCIAMENTO.

A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o presente convenio cunha achega económica máxima de CENTO CINCUENTA MIL euros (150.000,00 €) IVE incluído, que se afrontará con cargo á aplicación 22/456.9420.48910 do Orzamento Provincial, de acordo ao seguinte detalle:



	<b>Coordinación técnica</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 360	10.000 €
	Prezo por hora, IVE incluído: 27,78 €	
	<b>Xefatura de estudos</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 760	26.620 €
	Prezo por hora, IVE incluído: 35,03 €	
	<b>Secretaría técnica</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 210	5.000 €
	Prezo por hora, IVE incluído: 23,81 €	
<b>Gastos xerais</b>	<b>Comunicación</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 168	4.000 €
	Prezo por hora, IVE incluído: 23,81 €	
	<b>Deseño gráfico</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 168	4.000 €
	Prezo por hora, IVE incluído: 23,81 €	
	<b>Soporte técnico: persoal técnico audiovisual, de interpretación, informático...</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 135	3.380 €
	Prezo medio por hora, IVE incluído: 25,04 €	
	<b>Impresións e envíos</b>	2.000 €
	Previsión deducida do gasto realizado en 2021	
	<b>Adaptación Web e montaxe de plataforma</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 240	6.000 €
	Prezo medio por hora, IVE incluído: 25 €	
<b>Curso básico</b>		
(en liña)	<b>Tratamento de contidos</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 80	2.000 €
	Prezo medio por hora, IVE incluído: 25 €	
<b>Diálogos</b>	<b>Persoal docente</b>	
	Horas de traballo repercutidas: 120	12.000 €
	Prezo medio por hora, IVE incluído: 100 €	
		<b>6</b>



Desprazamentos	
Número estimado de desprazamentos: 10	8.000 €
Prezo medio por desprazamento, IVE incluído: 800 €	
Loxística do evento: alugueiro de salas, equipo técnico, auxiliares de eventos, comidas...	
	26.000 €
Número estimado de eventos: 4	
Prezo medio por evento, IVE incluído: 6.500 €	
Persoal docente	
Horas de traballo repercutidas: 80	3.000 €
Prezo medio por hora, IVE incluído: 37,5 €	
Desprazamentos	
Número estimado de desprazamentos: 12	8.000 €
Prezo medio por desprazamento, IVE incluído: 666,67 €	
Obradoiros temáticos	
Loxística do evento: alugueiro de salas, equipo técnico, auxiliares de eventos, comidas...	
	30.000 €
Número estimado de eventos: 5	
Prezo medio por evento, IVE incluído: 6.000 €	
<b>TOTAL</b>	<b>150.000 €</b>

O importe da subvención aboarase nos seguintes prazos:

O 50% do orzamento no prazo de 10 días hábiles desde a sinatura do convenio de colaboración, previa solicitude motivada por escrito por parte da Rede de Cidades que Camiñan.

Para o abono do 50% restante, a Deputación Provincial de Pontevedra efectuará unha liquidación de pagamento a favor da Rede de Cidades que Camiñan, previa xustificación por parte da Asociación dos gastos realizados debendo :

Acreditar que non está incurso en ningunha causa de prohibición para percibir axudas ou para contratar, mediante declaración responsable asinada pola súa persoa representante, e presentar, ou autorizar á Deputación de Pontevedra para que as obteña, as certificacións

de Facenda do Estado e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de que a entidade que representa está ao corrente nas súas obrigas tributarias.

Presentar a conta xustificativa asinada por quen ostente a representación legal da Asociación, no prazo máximo de tres meses a contar desde o momento de finalización das actividades. A conta xustificativa deberá estar formada por:

Unha memoria de actuacións, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e das desviacións acontecidas respecto dos resultados previstos.

Unha memoria económica, que conteña una relación numerada dos gastos realizados, xunto cos xustificantes de pago correspondentes, así como o orzamento total das actividades subvencionadas mediante un cadro de ingresos e outro de gastos nos que as cantidades finais deben coincidir, e/ou ter un saldo negativo respecto aos ingresos.

Os gastos acreditaranse por medio de facturas detalladas e demais documentos de valor probatorio equivalente.

O importe total dos ingresos, non superará o total dos gastos necesarios para a realización da actividade debendo xustificarse o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos neste convenio de conformidade co artigo 30 da Lei 38/2003.

En calquera caso, previo pago da subvención a entidade beneficiaria terá que acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

#### QUINTA.- EMISIÓN DE INFORMES.

A Deputación de Pontevedra e a Rede de Cidades que Camiñan manterán unha comunicación constante durante a preparación e desenvolvemento das actividades formativas. Trala finalización das mesmas, a Rede de Cidades que camiñan entregará un informe no que se fará constar a consecución do programa, incidencias e observacións.

#### SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

A responsable do desenvolvemento dos traballos por parte da Rede de Cidades que Camiñan será a súa secretaria técnica, ou persoa en quen delegue, que terá como



interlocutor válido por parte da Deputación Provincial de Pontevedra ó deputado delegado de Mobilidade Alternativa e Recuperación de Espazos ou persoa en quen delegue, os cales supervisarán o correcto desenvolvemento do curso.

A Comisión de Seguimento do Convenio estará composta por:

A secretaria técnica

O deputado delegado de Mobilidade Alternativa e Recuperación de Espazos - O secretario xeral da Deputación

Un representante técnico de cada unha das partes asinantes ou persoas nas que deleguen.

A Comisión de Seguimento do Convenio terá as seguintes funcións:

Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.

Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.

Propoñer a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

#### SÉTIMA.-MODIFICACIÓN

Para a modificación do convenio seguirase o mesmo procedemento que para a aprobación.

#### OITAVA.-VIXENCIA.

A duración do convenio establécese durante os 12 meses posteriores á data da súa sinatura, sen prexuízo de que, ao abeiro deste convenio, financiaranse os gastos nos que incorra a Rede de Cidades que Camiñan, para o desenvolvemento das actividades formativas, dende o seu inicio.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP, non excedendo da anualidade 2023.

#### NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas da resolución do convenio:

O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

O acordo unánime dos asinantes.

O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

#### DÉCIMA.- PUBLICIDADE

A Rede de Cidades que Camiñan comprométese a facer constar a colaboración e a participación da Deputación en toda a publicidade que elabore sobre o convenio, calquera que sexa o medio de difusión.

Así mesmo, a Deputación de Pontevedra comprométese a facer constar a colaboración e a participación da Rede de Cidades que Camiñan en toda a publicidade que elabore sobre o convenio, calquera que sexa o seu medio de difusión.

A institución provincial resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio.

Para todo o relativo á publicidade seguiranse as instrucións establecidas polo Servizo de Comunicación Institucional, a través da seguinte dirección: [comunicacion@depo.es](mailto:comunicacion@depo.es)

#### DÉCIMO PRIMEIRA.-PROTECCIÓN DE DATOS

As partes manifiestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar as actividades formativas no da Facultade Ágora.



As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigaón legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos a criterio da Deputación de Pontevedra, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- REMISIÓN DO CONVENIO AO TRIBUNAL DE CONTAS

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente convenio ao

Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE E COMPETENCIA

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas e polo establecido na LXS e LRXSP así como na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e nas Bases de execución do orzamento provincial de 2022.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse relativas a súa interpretación ou cumprimento perante a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio en triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

#### ANEXO I. MEMORIA DESCRIPTIVA

#### ACTIVIDADES FORMATIVAS DA FACULTADE ÁGORA SOBRE ESPAZO PÚBLICO A INICIAR NO

ANO 2022

##### Antecedentes

A Deputación Provincial de Pontevedra creou en 2.021 a Rede Ágora, unha rede de acción institucional a favor de considerar e valorizar o espazo público como un dereito fundamental da cidadanía, aberta á adhesión dos municipios da provincia. Un dos seus fundamentos é que o espazo público forma parte substancial da vida das persoas como escenario natural da vida colectiva.

No marco do proxecto da Rede Ágora, a Deputación de Pontevedra creou tamén en 2.021 a Facultade Ágora, definida como unha iniciativa para consolidar os principios e a filosofía da recuperación do espazo público mediante a organización de cursos de formación sobre o espazo público e a mobilidade alternativa.

A primeira edición da Facultade Ágora resultou un éxito de participación: matriculáronse 200 persoas, ocupando o total das prazas ofertadas, e 125 persoas obtiveron o título de Técnico/a Ágora.

##### Xustificación

As boas críticas recibidas polo alumnado e o interese amosado por moitas das persoas que non puideron matricularse na primeira edición da Facultade Ágora teñen levado á Deputación de Pontevedra a continuar coas actividades formativas da Facultade Ágora.

A coordinación técnica das novas actividades da Facultade Ágora a iniciar en 2022, así como as labores necesarias para o seu correcto desenvolvemento, enmárcanse dentro do convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Rede de Cidades que Camiñan.

Para a Deputación de Pontevedra é necesario contar cun equipo co que comparta a base filosófica e conceptual na que se basea a Rede Ágora e con experiencia na organización e participación en congresos e cursos formativos, mentres que para a Rede de Cidades que Camiñan é fundamental traballar na difusión dos conceptos sobre os que se apoian os seus principios, atendendo ás necesidades de formación formuladas polos membros asociados.

A Rede de Cidades que Camiñan encargouse da Coordinación Técnica da posta en marcha no 2021 da Facultade Ágora. O traballo realizado resultou satisfactorio para ámbalas partes e deu lugar a uns sólidos piares sobre os que apoiar a continuación das actividades formativas a iniciar en 2022.

#### Obxectivos

O obxectivo fundamental da Facultade Ágora nestas actividades formativas é formar ao persoal municipal, tanto técnico como político, dos concellos asociados á Rede Ágora, así como a profesionais do sector da enxeñería e da arquitectura para acadar con éxito os obxectivos pretendidos pola Rede Ágora, coincidentes cos da Rede de Cidades que Camiñan.

Como obxectivos formativos particulares dirixidos ao alumnado establécense os seguintes:

Coñecer e aprender os conceptos que sustentan os principios da Rede Ágora.

Aprender coñecementos técnicos teóricos para a aplicación dos principios da Rede Ágora na xestión e a transformación física do espazo público.

Consolidar a aprendizaxe dos coñecementos técnicos antes mencionados mediante a participación en talleres temáticos centrados en aspectos concretos da construción do espazo público, complementados con visitas comentadas a diferentes espazos públicos da provincia de Pontevedra considerados casos de boas prácticas.

Participar no intercambio de ideas e reflexionar sobre a base conceptual e as solucións técnicas adoptadas para cimentar as bases dos próximos proxectos de transformación do espazo público dos municipios da provincia.

#### Estrutura

A segunda edición da Facultade Ágora concíbese como un conxunto de accións formativas de diferente carácter, a iniciar ao longo do ano 2022. Estas accións formativas son:

Curso básico sobre o espazo público. Curso online elaborado a partir das gravacións dos once seminarios que compuxeron a primeira edición da Facultade Ágora.

Diálogos sobre o espazo público. Encontros en forma de coloquio entre invitados e invitadas de recoñecido prestixio polo seu traballo en relación coa recuperación do espazo público para as persoas.

Talleres sobre o espazo público. Talleres cada un deles destinado a afondar en aspectos concretos da construción e regulación do espazo público. Cada un deles estará composto por varias presentacións de carácter teórico-práctico, seguidas dunha visita comentada para coñecer in situ algunhas intervencións de realizadas no espazo público da provincia de Pontevedra consideradas casos de boas prácticas.

#### Dirección e coordinación do curso

A DIRECCIÓN das accións formativas da Facultade Ágora no ano 2022 será un traballo colaborativo desenvolvido entre a Rede de Cidades que Camiñan e a Deputación de Pontevedra, cuxa responsabilidade recaerá en:

Persoa/s designada/s pola Deputación de Pontevedra

Ana Belén Montalbán Navas, Secretaria Técnica e Coordinadora da Rede de Cidades que Camiñan.

Á dirección do curso corresponden as seguintes tarefas:

Definición do programa das accións formativas e selección dos seus contidos básicos.

Selección do persoal docente.

Definición de formatos e o calendario.

Definición das acreditacións obtidas polo alumnado.

Calquera outra tarefa relacionada coa toma de decisións necesaria para a correcta posta en marcha e desenvolvemento das accións formativas.

A COORDINACIÓN TÉCNICA das accións formativas da Facultade Ágora no ano 2022 será responsabilidade de Ana Belén Montalbán Navas, co apoio dos recursos humanos necesarios para a atención satisfactoria deste traballo. Á coordinación técnica corresponden as seguintes tarefas:

Relacións co persoal docente: contacto, información, xestión de desprazamentos...

Relacións co alumnado: inscrición, información, resolución de dúbidas, control de asistencia...

Relación cos recursos humanos ao dispor do curso: soporte informático, deseño gráfico, comunicación...

Organización dos seminarios, tanto en liña como presenciais.

Asistencia e colaboración nas sesións do curso.

Xestión dos recursos económicos postos ao dispor do curso.

Xestión dos recursos técnicos necesarios para o desenvolvemento do curso.

Calquera outra tarefa relacionada coa xestión e a coordinación de traballos necesarios para a correcta posta en marcha e desenvolvemento do curso.

O orzamento desagregado das actividades é o seguinte:

<hr/>	
<b>Coordinación técnica</b>	
Horas de traballo repercutidas: 360	10.000 €
Prezo por hora, IVE incluído: 27,78 €	
<hr/>	
<b>Xefatura de estudos</b>	
Horas de traballo repercutidas: 760	26.620 €
Prezo por hora, IVE incluído: 35,03 €	
<hr/>	
	15



<b>Secretaría técnica</b>	
Horas de traballo repercutidas: 210	5.000 €
Prezo por hora, IVE incluído: 23,81 €	
<b>Comunicación</b>	
Horas de traballo repercutidas: 168	4.000 €
Prezo por hora, IVE incluído: 23,81 €	
<b>Deseño gráfico</b>	
Horas de traballo repercutidas: 168	4.000 €
Prezo por hora, IVE incluído: 23,81 €	
<b>Soporte técnico: persoal técnico audiovisual, de interpretación, informático...</b>	
Horas de traballo repercutidas: 135	3.380 €
Prezo medio por hora, IVE incluído: 25,04 €	
<b>Impresións e envíos</b>	
Previsión deducida do gasto realizado en 2021	2.000 €
<b>Adaptación Web e montaxe de plataforma</b>	
Horas de traballo repercutidas: 240	6.000 €
Prezo medio por hora, IVE incluído: 25 €	
<b>Tratamento de contidos</b>	
Horas de traballo repercutidas: 80	2.000 €
Prezo medio por hora, IVE incluído: 25 €	
<b>Persoal docente</b>	
Horas de traballo repercutidas: 120	12.000 €
Prezo medio por hora, IVE incluído: 100 €	
<b>Desprazamentos</b>	
Número estimado de desprazamentos: 10	8.000 €
Prezo medio por desprazamento, IVE incluído: 800 €	
<b>Loxística do evento: alugueiro de salas, equipo técnico, auxiliares de eventos, comidas...</b>	
Número estimado de eventos: 4	26.000 €
Prezo medio por evento, IVE incluído: 6.500 €	
<b>Persoal docente</b>	
Horas de traballo repercutidas: 80	3.000 €
Prezo medio por hora, IVE incluído: 37,5 €	
	<b>16</b>





Desprazamentos Número estimado de desprazamentos: 12	8.000 €
Prezo medio por desprazamento, IVE incluído: 666,67 €	
Loxística do evento: alugueiro de salas, equipo técnico, auxiliares de eventos, comidas... Número estimado de eventos: 5 Prezo medio por evento, IVE incluído: 6.000 €	30.000 €
	<b>150.000 €</b>

O orzamento inclúe:

Os custos de actualización da páxina Web de referencia para as accións formativas da Facultade Ágora e o seu mantemento durante as mesmas.

Os custos da plataforma para o desenvolvemento dos seminarios en liña e o seu soporte informático.

Os gastos da sala para a celebración de accións formativas presenciais en condicións adecuadas, catering para asistentes, alugueiro de autobús con condutor para o desprazamento nas visitas a casos prácticos e material funxible a repartir nas sesións presenciais.

Custos para a carteleiría necesaria para as sesións presenciais.

Gastos de desprazamento do persoal docente ás accións formativas: gastos da viaxe de ida e volta e manutención incluída.

Impostos asociados aos servizos prestados e bens consumidos.

O orzamento pode sufrir variacións debido aos custes xerados polo persoal docente ou por cambios organizativos xurdidos durante o curso. Programa das diferentes accións formativas

**CURSO BÁSICO SOBRE ESPAZO PÚBLICO**

Contido. Conxunto de once seminarios online:

Seminarios gravados durante a primeira edición da Facultade Ágora, convertidos nun curso online, coas súas correspondentes ferramentas de seguimento, dinamización e autoavaliación.

Haberá un titor online para resolver dúbidas e dinamizar o curso e un exame final tipo test.

Formato: Online

Tempo lectivo total: 40 horas

Prazas: 50 prazas

Titulación: Existirán dúas opcións:

Certificado de asistencia para quen complete a visualización dos seminarios gravados e asistan a un número mínimo de charlas.

Título Técnico/a Ágora para quen, ademais, supere o exame.

Prezo:

Gratuito para persoal dos Concellos adheridos á Rede Ágora antes da apertura de inscricións na acción formativa da Facultade Ágora e para técnicos da Deputación de Pontevedra.

300 € para as persoas colexiadas nos seguintes colexios oficiais: enxeñeiros de camiños, canais e portos; enxeñeiros técnicos de obras públicas; arquitectos e de arquitectos técnicos.

400 € para o resto do alumnado.

## DIÁLOGOS

Contido. Conxunto de coloquios entre expertos e expertas de recoñecido prestixio polo seu coñecemento en relación co espazo público. En cada sesión os expertos e expertas invitados contestarán a preguntas preestablecidas que obedecerán a unha guía de estudos definida para estes diálogos. Ao final existirá unha quenda de preguntas aberto ao público.

Formato: Presencial e online

Número: 3 sesións

Tempo lectivo total: 2 horas por sesión

Prazas: Para a asistencia presencial, ata esgotar prazas dispoñibles na sala; para a asistencia online, sen limitación.

Titulación: Sen titulación

Prezo: Gratuíto

#### TALLERES TEMÁTICOS

Contido. Conxunto de talleres destinados a afondar en aspectos concretos da construción e regulación do espazo público. Cada taller componse de dúas partes:

Unha sesión en sala, con varias presentacións en relación con determinados conceptos agrupados nun mesmo tema.

Un paseo comentado para explicar actuacións de interese nas que se poidan observar algunhas das cuestións vistas na sala e reflexionar sobre elas in situ.

Formato: Presencial

Número: 4 talleres

Tempo lectivo total: un total de 6 horas por taller, das cales 4 horas en sala e 2 horas de paseo comentado

Prazas: 50 por taller

Titulación: Certificado acreditativo da asistencia a cada un dos talleres Prezo:

Gratuíto para persoal dos Concellos adheridos á Rede Ágora antes da apertura de inscricións na acción formativa da Facultade Ágora e para técnicos da Deputación de Pontevedra.

75 € para as persoas colexiadas nos seguintes colexios oficiais: enxeñeiros de camiños, canais e portos; enxeñeiros técnicos de obras públicas; arquitectos e de arquitectos técnicos.

100 € para o resto do alumnado.

*Documento asinado electrónicamente*